

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A MELLORA DAS RUTAS DE ACCESO Á ÁREA RECREATIVA DA BOUTUREIRA

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de San Cibrao das Viñas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de San Cibrao das Viñas para a mellora das rutas de acceso á Área Recreativa da Boutureira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** O Concello de San Cibrao das Viñas é consciente de que o seu Patrimonio é o seu máis grande ben, entendendo Patrimonio no seu senso máis amplo, é dicir, o conxunto de bens dunha comunidade, incluíndo nese conxunto tanto os bens herdados como os de nova adquisición, tanto os naturais como os culturais. Partindo desta base o Concello de San Cibrao das Viñas está levando a cabo, dende fai anos, unha serie de iniciativas cun obxectivo común: por en valor, é dicir, rendibilizar o seu Patrimonio para dalo a coñecer, conservalo e para a promoción turística.

A Boutureira é un espazo natural de 184 ha declarado de interese local. O río Barbadás dálle humidade e frescor, tempo que pon en funcionamento os muíños da súa beira, e xunto cun variado arboredo conforman a paisaxe típica da zona.

O Concello de San Cibrao das Viñas pretende realizar actuacións de mellora nos tres accesos á dita Área Recreativa, que é un dos seus principais recursos turísticos, mellorando a capa de rodaxe e a drenaxe dos camiños con achega de xabre.

O estado actual de cada un dos accesos é o seguinte:

- Acceso 1

Presenta varias zonas con fochancas debido ás choiva e ó tránsito. É necesario a mellora da drenaxe lonxitudinal, co fin de evacuar as augas da cuneta.

- Acceso 2

Nesta ruta existe un forte deterioro do pavimento, tanto na súa entrada coma na zona de forte pendente, polo que se opta por unha solución con xabre



estabilizado. A zona de pendente vese afectada pola ausencia de gabias, polo que é necesaria a súa apertura.

- Acceso 3

Este acceso presenta determinados puntos con fochas e pavimento en mal estado.

Con esta actuación quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de San Cibrao das Viñas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela



O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

